


D I T A M E

*Ditame*  
**6/11**

sobre o anteproxecto de  
**Lei reguladora da  
política industrial**  
de Galicia



**APROBADO POLO PLENO O 28 DE XULLO**



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

**1.-** En data 01 de xullo de 2011, tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei reguladora da política industrial de Galicia.

**2.-** O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

**3.-** O día 30 de xuño, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 19 de xullo de 2011, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

**4.-** A Comisión Sectorial, na súa sesión 16/11, de data 26 de xullo de 2011, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidenta do Consello para a súa tramitación.

**5.-** A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/11, do 28 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

### DITAME

*sobre o anteproxecto de lei reguladora da política industrial de Galicia.*

## ESTRUTURA E CONTIDO

### 1. Obxecto da Lei:

Determinar os órganos e entidades do sector público autonómico competentes para a planificación e promoción da actividade industrial, disciplinar o réxime xurídico dos clúster en canto axentes do sector privado singularmente relevantes no ámbito da actividade industrial, e deseñar os instrumentos precisos para a eficaz e eficiente realización das actividades de Planificación e promoción no ámbito das competencias que o Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia.

O anteproxecto de lei estrutúrase en **42 artigos**, distribuídos en catro Títulos, tres disposicións adicionais, disposición transitoria única, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

No **Título I** “*Disposicións xerais*” (artigos 1 ao 5), recóllese o obxecto da lei, as definicións, o ámbito de aplicación os fins e os principios xerais.

O **Título II** “*Axentes implicados no deseño e execución da política industrial*” (artigos 6 ao 19), divídese en 5 Capítulos.

- Capítulo I “*A Administración xeral da Comunidade Autónoma*” (artigos 6 e 7), comprende o Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia de industria.

- Capítulo II “*O Instituto Galego de Promoción Económica*” (artigo 8).

- Capítulo III “*As Entidades locais*” (artigo 9).

- Capítulo IV “*Consello Galego de Industria*”(artigos 10 ao 15), comprende a súa creación, natureza e réxime xurídico, fins e obxectivos, funcións, estrutura orgánica, composición e membros.

- Capítulo V “*Os clúster empresariais galegos*” (artigos 16 ao 19), recolle a creación, o rexistro de clúster empresariais galegos, as funcións e axudas destinadas a clúster empresariais.

O **Título III** “*O deseño da política industrial galega*” (artigos 20 ao 35), divídese en 2 Capítulos.

- Capítulo I “*Disposicións xerais*” (artigos 20 e 21), recolle as disposicións xerais.

- Capítulo II “*Planificación da política industrial*” (artigos 22 ao 35), comprende o plan director da industria de Galicia, e os programas de impulso da actividade industrial.

O **Título IV** “*A execución da política industrial galega*” (artigos 36 ao 42), divídese en 3 Capítulos.

- Capítulo I “*Simplificación administrativa*” (artigos 36 e 37), recolle a limitación das autorizacións e xeneralización do réxime de comunicación previa, e as comunicacións previas e declaracións responsables.

- Capítulo II “*Os proxectos de execución dos programas da actividade industrial*” (artigos 38 e 39), relativos a execución dos Programas de Impulso da Actividade Industrial e a normativa aplicable.

- Capítulo III “*Os proxectos industriais estratéxicos*” (artigos 40 e 42), relativos a delimitación, o procedemento de declaración e os efectos da declaración dos proxectos Industriais Estratéxicos.

Disposición adicional primeira, Plan Director da Industria de Galicia.

Disposición adicional segunda, Execución dos Programas de Impulso da Actividade Industrial.

Disposición adicional terceira, Non incremento do gasto.

Disposición transitoria única, Cumprimento dos requisitos para ter a consideración de Clúster Empresariais Galegos.

Disposición derogatoria.

Disposición final primeira, Modificación da Lei 9/2004, de 10 de agosto, de Seguridade Industrial de Galicia.

Disposición final segunda, Desenvolvemento regulamentario.

Disposición final terceira, Entrada en vigor.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O Consello Económico e Social de Galicia (CES) ten que expresar unha vez máis a súa preocupación polo constante recurso ao procedemento especial de urxencia, que se pon novamente de manifesto con ocasión da tramitación deste ditame, reducindo a un terzo o período legal ordinario de elaboración, polo que pode incidir negativamente no estudo, aportación de propostas e debate construtivo do mesmo e, en definitiva, na súa calidade. Nos últimos anos, a solicitude dos ditames por trámite de urxencia estase a converter na norma e de feito soamente dous deles se tramitaron polo procedemento ordinario, cando na meirande parte dos casos tratábase de anteproxectos de lei elaborados con varios meses de antelación á súa entrada no CES e sen outras razóns obxectivas de urxencia que a premura invocada polo órgano solicitante.

2.- O CES de Galicia ten elaborado varios informes, véxase a listaxe que figura deseguido, directamente relacionados co sector industrial, que debe poñer agora de manifesto ao efecto de que se consideren (tendo presente, loxicamente, os cambios na realidade industrial do país) as aportacións realizadas polo Consello Económico e Social ao longo destes anos, tanto no que respecta ao enfoque xeral da política industrial como no relativo aos instrumentos de avaliación, planificación e impulso que se deseñan no anteproxecto. O mesmo cómpre sinalar a respecto dos apartados relativos ao sector industrial que se conteñen na *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia*, que o CES elabora cada ano.

### Informes:

- 2/97.- Análise da situación e perspectivas da empresa pública en Galicia
- 1/98.- Medidas e actuacións para o desenvolvemento e creación de emprego en Galicia
- 2/98.- Situación actual e perspectivas dos fondos estruturais europeos: A súa incidencia e distribución en Galicia
- 1/00.- Entorno para a creación de empresas e fomento das iniciativas empresariais en Galicia

- 3/02.- O sector pesqueiro en Galicia
- 2/03.- O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia
- 1/07.- Reflexións sobre o sistema produtivo de Galicia. Diagnóstico e propostas de futuro.
- Informes sobre as áreas funcionais de Ferrol (2/99), Lugo (1/01), Pontevedra (1/02), Monforte e O Barco (2/04), Ourense e Verín (3/04), A Mariña (1/05), Lalín (1/06), Santiago (2/06) e A Coruña (1/08).

Informes opinión:

- 1/99.- Sobre a execución dos plans de infraestruturas ferroviarias de Galicia
- 1/01.- Sobre o Libro Branco da Enerxía de Galicia
- 1/02.- Sobre a posta en marcha do clúster do audiovisual en Galicia
- 2/02.- Sobre as Estratexias territoriais de desenvolvemento en Galicia
- 3/02.- Sobre os Obxetivos estratéxicos da política industrial de Galicia

Memorias sobre a situación socioeconómica de Galicia dende 1998 ata 2009.

**3.-** O Consello Económico e Social, avaliando positivamente o feito de que por vez primeira se lexisle en Galicia en materia de política industrial, ten que resaltar a ausencia no anteproxecto dunha visión máis integradora dos diferentes ámbitos de actuación da política industrial que pode desenvolver a Administración Xeral da Comunidade Autónoma en exercicio das competencias dispoñibles e cinga a regulación á esfera de traballo da Consellería de Economía e Industria, sen ter en conta as facultades que na regulación de actividades industriais sectoriais atópanse radicadas noutras consellerías.

Cabe destacar tamén a regulación de instrumentos de intervención en materia de política industrial e a institucionalización da participación do conxunto dos axentes sociais e económicos implicados no deseño desa política. Ten que expresar o CES, sen embargo, que se perde a oportunidade de abranguer nunha mesma norma unitaria outros importantes aspectos relativos á actividade industrial en Galicia, integrando por exemplo, a normativa existente en seguridade industrial ou regulando todo o que se refire á calidade industrial.

O CES sinala, por outro lado, que o anteproxecto limítase a actuacións de

carácter horizontal, sen ter en conta, como antes se aludiu, a necesidade de elaborar políticas industriais sectoriais que dean resposta á problemática e realidade dos distintos sectores produtivos. Débese resaltar tamén que non se contempla suficientemente na futura norma a importancia da política industrial como elemento esencial para a creación de emprego, así como a ausencia de mencións aos servizos inherentes ás actividades industriais.

Considera o CES, en fin, que sería necesario desenvolver unha política industrial activa por parte da administración autonómica. Neste senso, ademais dos enunciados que no anteproxecto se poñen de manifesto como finalidades desa política, especialmente no **artigo 4**, deberían terse en conta liñas de traballo a prol da diversificación industrial e da instalación de actividades susceptibles de aportaren ciclos produtivos completos, así como prever algún instrumento para potenciar a participación pública en sectores estratéxicos da nosa economía, dinamizando con isto as actividades produtivas vencelladas á explotación racional dos recursos naturais de Galicia. Cabe salientar ao respecto a ausencia, tanto na exposición de motivos do anteproxecto de lei, como especialmente na memoria económica que o acompaña, dunha formulación de compromisos financeiros explícitos que vaian alén dos contidos declarativos de intencións propios dun texto legal e das referencias xenéricas que se recollen nos **artigos 25 e), 38 e 42.h)**.

**4.-** O CES debe poñer de manifesto que o tratamento que o anteproxecto outorga aos clúster contémplaos como un instrumento asociativo novo, ao que dota de funcións exclusivas e merecente dun trato favorable por parte da Administración. Pero o certo é que existen outro tipo de entidades, algunhas delas cunha dilatada traxectoria, que realizan tamén actividades de interese público no ámbito industrial, o que debería facelas obxecto do apoio que esta norma reserva exclusivamente aos clúster. Cabería sinalar entre outras: polos de competitividade, sistemas produtivos locais, redes tecnolóxicas e de coñecemento, asociacións de interese económico e grupos empresariais.

Debe terse en conta que un clúster pode ser unha concentración xeográfica de organizacións de empresas e outros organismos, entes, axentes, centros tecnolóxicos, universidades etc. que utilizan tecnoloxías ou serven a mercados semellantes, xunto cos seus provedores especializados, unha base de talento local e de institucións de apoio.



O concepto de clúster tamén podería definirse como *“Agrupacións de empresas interconectadas e institucións relacionadas (centros de formación, unidades de investigación e/ou outros axentes públicos ou privados) pertencentes a un sector ou segmento de mercado, que se atopan próximas xeograficamente e que están vencelladas ao traveso de elementos comúns e complementarios, que se unen para realizar proxectos conxuntos e ser máis competitivas”*.

As principais características que dan forma a un clúster son:

- Concentración xeográfica da actividade económica.
- Influencia na economía da zona: efectos de arrastre.
- Equilibrio entre competencia e colaboración.

O labor dos clúster céntrase na cooperación das entidades asociadas como vía para a execución de proxectos non alcanzables de forma individual. As súas áreas de actuación serían a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a mellora da competitividade ao traveso de melloras dos procesos na cadea de valor.

Pero tamén unha excesiva concentración sectorial e especialización pode resultar seriamente afectada cando se producen cambios nas circunstancias do mercado, deteriorando a súa competitividade ou entrando en declive.

Por outra parte, debería ser ter en conta un aspecto que o proxecto de lei esquece: que as políticas baseadas nos clúster diríxense xeralmente a actividades xa consolidadas, nas que mesmo pode resultar problemática a potenciación de actividades emerxentes.

Como conclusión a este respecto, o CES considera que debería modificarse o anteproxecto no seguinte sentido:

- En primeiro lugar, habería que cambiar a denominación do **capítulo V**, pois a actividade de fomento prevista neste capítulo non debería quedar exclusivamente orientada cara uns determinados axentes privados como son os clúster, dado que poden existir outras entidades empresariais que deberían ser igualmente obxecto do devandito apoio.

- En segundo lugar, debe deixarse máis claro na norma o deslinde entre os clúster empresariais e outras fórmulas de asociación ou cooperación empre-

sarial, por medio dunha definición detallada dos requisitos que os habilitan (Nótese que son moi xenéricos os establecidos no **artigo 16** do anteproxecto) para poder ser conceptuados como clúster e establecendo na norma os concretos ámbitos de actuación aos que deberían limitarse (tecnolóxico, innovación, deseño...) para evitar posibles e ineficientes solapamentos con outras entidades.

**5.-** Os moi frecuentes erros de redacción e as incorreccións ortográficas que se observan en diversos artigos do anteproxecto e, especialmente, na súa Exposición de motivos, reclaman, a xuízo do CES, unha revisión técnico-lingüística para que o proxecto de lei que se aprobe no seu momento reúna as condicións minimamente esixibles neste sentido a un texto legal.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

### 1.- Exposición de motivos.

O CES considera que no **cuarto parágrafo** debería corrixirse a calificación de certos procesos, actitudes ou aptitudes que se mencionan, como “*fenómenos de orixe natural*”.

### 2.- Exposición de motivos.

No **noveno parágrafo**, o CES entende que sería conveniente trocar a frase “*fondos interesados en participar das nosas empresas*” por “***inversores (ou entidades inversoras) interesados(as) en participar das nosas empresas***”.

### 3.- Exposición de motivos.

O CES considera que na **páxina 9, parágrafo 3**, a expresión “*...impedir que a constitución e funcionamento do Consello Galego de Industria supoña maior gasto*” resulta pouco afortunada cando se está creando un novo organismo onde canalizar a participación dos axentes económicos e sociais na política industrial de Galicia.

### 4.- Exposición de motivos.

O CES entende que procede engadir un novo parágrafo, para deixar constancia do sometemento do anteproxecto de lei ao ditame preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia.

### 5.- Artigo 1. Obxecto.

O CES considera que nesta norma se confunden o seu obxecto cos fins que persegue. O obxecto dunha Lei de Política Industrial non debería limitarse a “*determinar os órganos e entidades competentes para a planificación da*”

*política industrial.”, senón que debería “crear un marco normativo que regule a actuación pública relativa á actividade industrial” ou, cando menos, “que regule a planificación e execución das políticas industriais”.*

#### **6.- Artigo 2. Definicións.**

O CES entende que a definición de “*empresa*”, que se contén no **apartado 2.c)**, delimita o seu concepto só ás entidades mercantís e ás persoas xurídicas, se ben aclara “*independentemente da súa forma*”.

Esta concepción exclúe moitas empresas con forma xurídica distinta; en definitiva, deixa fóra do ámbito de aplicación aos empresarios individuais, con independencia do tamaño da empresa e a outras formas xurídicas como poderían ser as comunidades de bens, por exemplo.

Dada a finalidade do proxecto que, entre outras, ten a de establecer actividades de fomento ou axuda ás empresas do sector industrial, o CES considera que o concepto debe ser modificado para incluír na definición de empresa, as constituídas por persoas físicas que apostan por un proxecto empresarial propio.

#### **7.- Artigo 2. Definicións.**

O CES considera que en relación á definición das distintas categorías de empresa, a lei debería remitirse aos requisitos establecidos pola Recomendación da Comisión 2003/361/CE de 6 de maio, sobre definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, ou a que con posterioridade poida establecerse.

#### **8.- Artigo 2. Definicións.**

Na **letra f)**, ao definir o “*Clúster empresarial*”, engádese un segundo parágrafo que trascende a definición, invocándose finalidades esenciais destes organismos, que o CES entende terían mellor acollida no **artigo 18**.

### 9.- Artigo 3. Ámbito de aplicación.

O CES estima que no **artigo 3**, referido ao ámbito de aplicación da lei, parece polo seu contido que esta vai unicamente dirixida “*ás actividades da Administración xeral da comunidade autónoma e dos entes do sector público autonómico con incidencia no tecido industrial galego*”, cando en realidade o ámbito de aplicación da lei é máis amplo, por canto tamén afecta a todos os axentes, mesmo privados, que conforman o tecido industrial de Galicia; doutro modo non pode entenderse o contido do **artigo 9**, referido ás entidades locais (que evidentemente non forman parte da Administración autonómica nin son un ente do sector público autonómico) ou a propia regulación dos clúster, que como xa se indicou, son entes de base asociativa.

### 10.- Artigo 4. Fins.

No **apartado g)** “*Procurar a cohesión social*”, o CES considera que debería engadirse a necesidade de que esta lei teña como obxectivo o equilibrio territorial na comunidade. Así mesmo, non só tense que garantir a creación, senón o mantemento de emprego de calidade.

### 11.- Artigo 4. Fins.

O CES entende que se debería modificar a **letra i)** do seguinte xeito:

**“i) Fomentar a creación e o desenvolvemento, entre outros, de conglomerados produtivos especializados no territorio galego, mediante a potenciación de clúster, polos de competitividade, sistemas produtivos locais, redes tecnolóxicas e de coñecemento, asociacións de interese económico e grupos empresariais”.**

### 12.- Artigo 4. Fins.

O CES considera que se debería incluír unha **nova letra**: l) Potenciar a formación empresarial e laboral.

**13.- Artigo 4. Fins.**

O CES entende que se debería engadir unha **nova letra**: m) Impulsar o aproveitamento positivo dos recursos endóxeos.

**14.- Artigo 4. Fins.**

O CES estima que outro aspecto a engadir é a necesidade de contemplar como fin desta lei unha especial consideración do autoemprego e do emprendemento mediante unha **nova letra n**).

**15.- Artigo 4. Fins. Letra h)**

O CES entende que se debería especificar o alcance deste precepto. Se se refire a todos os axentes implicables na elaboración das políticas públicas de actividade industrial ou soamente aos sindicatos e asociacións empresariais. No primeiro caso, debería suprimirse o inciso “*máis representativos*”. No segundo caso, debería adaptarse a redacción á Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

**16.- Artigo 4. Fins. Letra h)**

O CES considera que a participación dos axentes económicos e sociais non debería limitarse á fase de elaboración, senón incluír tamén a de seguimento.

**17.- Artigo 5. Principios xerais.**

O CES estima que a **letra d)** do **artigo 5** debería redactarse: “*De colaboración público-privada, interadministrativa e de concertación social para facilitar a consecución dos seus obxetivos*”.

## **18.- Artigo 6. O Consello da Xunta de Galicia.**

Respecto da **letra c)** do **apartado 2** deste artigo, entre as competencias que corresponden ao Consello da Xunta sinálase a de “determinar proxectos industriais estratéxicos e autorizar a súa implantación”. Logo de ver a regulación que se contén nos **artigos 40 e seguintes** do anteproxecto, o CES entende que sería máis axeitado falar de “*aprobar a declaración dos proxectos industriais estratéxicos e autorizar a súa implantación*”.

## **19.- Artigo 8. O Instituto Galego de Promoción Económica.**

No **apartado 2.1** inclúese a “*realización de todas as actuacións que resulten necesarias*”. Esta xeneralización non leva a ningunha esixencia concreta, polo que o CES considera que cando menos debería enunciarse na lei un detalle das principais actuacións a realizar.

## **20.- Artigo 8. O Instituto Galego de Promoción Económica.**

O CES observa que tal e como está redactado o **parágrafo inicial** do **apartado 2.** parece desprenderse que o IGAPE é unha consellería da Xunta de Galicia.

## **21.- Artigo 8. O Instituto Galego de Promoción Económica.**

Na **letra b)** do **apartado 2.** o CES estima que debería concretarse en termos intelixibles a que se quere referir.

## **22.- Artigo 9. As entidades locais galegas.**

O CES entende que na lei se deberían regular os mecanismos de colaboración da administración autonómica coas entidades locais en materia industrial. Sendo evidente que as administracións locais galegas teñen plena autonomía de actuación, e dado que o papel dos concellos pode ser decisivo en materia de fomento industrial, é necesario concretar na medida do posible, esas actuacións, ou cando menos facer algunha referencia ás principais (dotación de solo industrial, infraestruturas, servizos ás empresas...)

**23.- Artigo 11. Natureza e réxime xurídico.**

O CES considera que non se corresponde o recollido no **parágrafo 1** coa propia composición do Consello.

**24.- Artigo 13. Funcións.**

O CES considera necesario que nas **letras a) e b)** se engada o inciso “*previo e preceptivo*” despois das funcións de “*Emitir informe*”.

**25.- Artigo 13. Funcións.**

O CES entende que se debería introducir tamén como función a de “*Emitir informe previo e preceptivo sobre os Programas de Impulso da Actividade Industrial*” aos que se alude no **artigo 22.b)** e os plans e programas sinalados no **artigo. 7.2 f)** do anteproxecto.

**26.- Artigo 13. Funcións.**

O CES considera que na **letra f)**, a expresión “*a súa propia regulación*” merecería concretarse se se refire ao regulamento de desenvolvemento da Lei ou ao regulamento de funcionamento do Consello Galego de Industria.

**27.- Artigo 15. Composición e membros.**

Na **letra e)** do **apartado 3**, o CES considera que se deberían explicitar, ademais das entidades locais, os outros dous grupos de institucións, corporacións e entidades ás que se quere aludir.

**28.- Artigo 15. Composición e membros.**

Os dous conceptos que se expresan no título deste artigo son sinónimos e xa que logo redundantes, polo que o CES suxire que o título se limite a “*Composición*”.



### **29.- Artigo 15. Composición e membros.**

O CES propón a inclusión dunha persoa que desenvolva a función da Secretaría do Consello, con voz e sen voto.

### **30.- Artigo 15. Composición e membros.**

O CES entende que no **apartado 3, letras c) e d)** a alusión ás organizacións sindicais e empresariais debería complementarse nos termos recollidos na Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

### **31.- Artigo 15. Composición e membros.**

O CES estima que a representación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas que se recolle nas **letras c) e d)** do **apartado 3**, debería duplicarse, pasando de tres e seis persoas en cada caso, co obxecto de que o Consello Galego de Industria se achegue a unha composición tripartita que é propia dos organismos de participación institucional.

### **32.- Artigo 15. Composición e membros.**

O CES considera que debería engadirse un novo apartado neste artigo (ou ben que sexa obxecto de incorporación no Decreto de desenvolvemento da Lei), que conteña o réxime de indemnizacións derivadas da asistencia ás reunións do Consello, non compartíndose o criterio expresado na Memoria Económica de que *“A asistencia ás súas sesións será gratuita”*.

### **33.- Capítulo V. Os clúster empresariais galegos.**

O CES considera necesario que se inclúa un artigo inicial deste capítulo no que quede claro que a regulación destes clúster é exclusivamente para efectos de fomento e non para outros.

**34.- Artigo 16. Creación.**

Na **letra d)** do **apartado 2**, e tamén no **artigo 18**, letras **a)** e **b)**, utilízase a expresión “*dos asociados*”, que debería substituírse por “*das asociadas*” pois estase a referir a entidades ou empresas asociadas aos clúster.

**35.- Capítulo V. Artigos 16 e seguintes. Os clúster empresariais galegos.**

O CES propón redenominar este capítulo como “*Entidades empresariais de desenvolvemento do tecido industrial galego*”.

**36.- Artigo 17 (concordante art. 17). Rexistro de clúster empresariais galegos.**

En aras da simplificación administrativa e dado que xa existe o Rexistro Especial de Agrupacións Empresariais Innovadoras, o CES entende que resulta totalmente superflua a creación dun novo rexistro administrativo.

**37.- Artigo 19. Axudas destinadas a clúster empresariais.**

O CES considera inadecuado que se regule exclusivamente nesta lei unha determinada liña de axudas, cando non se inclúen as que desenvolven os diferentes programas de impulso da actividade industrial que esta propia lei prevé.

Neste senso, o CES considera, en liña co sinalado no **artigo 4, letra i)**, que deberían ter acollida na lei, ademais dos clúster, outros conglomerados produtivos (polos de competitividade, sistemas produtivos locais, redes tecnolóxicas e de coñecemento, asociacións de interese económico e grupos empresariais, etc).

**38.- Artigo 20. Avaliación previa do impacto das actuacións públicas no tecido industrial galego.**

O CES considera que na **letra a)** do **apartado 2**, debería engadir a frase *“así como a creación de emprego de calidade”*.

**39.- Artigo 21. Estudo do impacto das actuacións públicas no tecido industrial de Galicia.**

O CES entende que na **letra a)** do **apartado 2**, debería engadir a frase *“e da xeración de emprego de calidade”*.

**40.- Artigo 21. Estudo do impacto das actuacións públicas no tecido industrial de Galicia.**

O CES considera que o informe previo do Consello Galego de Industria, ao que se alude no **apartado 3**, debe ter carácter preceptivo e así debería sinalarse.

**41.- Artigo 21. Estudo do impacto das actuacións públicas no tecido industrial galego.**

O **apartado 2.b)** deste artigo establece que o estudo de impacto terá por obxecto determinar as *“posibles”* actuacións de simplificación normativa. O CES entende que debe eliminarse o termo *“posibles”*, a prol dunha maior seguridade xurídica.

**42.- Artigo 24. Fins e obxectivos.**

O CES considera imprescindible engadir unha **nova letra h)**, que prevea a incorporación como Fin do Plan Director o da creación e o mantemento de emprego de calidade.

**43.- Artigo 25. Contido.**

O CES estima que entre os contidos do Plan Director deberían incorporarse tres máis:

- A realización dun mapa industrial de Galicia.
- A realización dun mapa de infraestruturas de apoio á industria en Galicia.
- A enumeración e descrición dos programas de pulo á actividade industrial desenvolto por outras administracións en Galicia.

**44.- Artigo 26. Elaboración e aprobación do Plan Director de Industria de Galicia.**

No **apartado 3**, o CES considera conveniente engadir unha reserva para que a emisión de informe non se poida interpretar en menoscabo do ditame preceptivo que corresponde ao Consello Económico e Social de Galicia, a teor do artigo 5º da Lei 6/1995.

**45.- Artigo 27. Modificación parcial do Plan Director de Industria de Galicia.**

O CES entende que, no procedemento de modificación parcial, debería esixirse un informe previo e preceptivo do Consello Galego de Industria.

**46.- Artigo 32. Fins e obxectivos dos Programas de Mellora da Competitividade Industrial.**

O CES estima que, no **apartado 2**, debería incluír un novo epígrafe:

*“f) A especialización en actividades de maior demanda, con valor engadido e intensidade tecnolóxica”.*

**47.- Artigo 33. Contido dos Programas de Impulso da Actividade Industrial.**

Entre as letras que se utilizan na clasificación deste artigo inclúese o “j”, que non forma parte do alfabeto galego, polo que o CES entende que se debería substituír polo “l”.

**48.- Artigo 35. Procedemento de modificación dos Programas de Impulso da Actividade Industrial.**

O CES entende que, no procedemento de modificación parcial, debería esixirse un informe previo e preceptivo do Consello Galego de Industria.

**49.- Artigo 40. Proxectos industriais estratéxicos.**

O CES considera que se debería incluír un terceiro criterio c) que considere tamén o impacto medioambiental, o equilibrio territorial e o emprego racional dos recursos endóxeos.

**50.- DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Plan Director da Industria de Galicia.**

O CES entende que o prazo de seis meses que se sinala para a elaboración do Plan Director debería harmonizarse co prazo idéntico que se establece na FINAL SEGUNDA para o desenvolvemento regulamentario, por canto a elaboración do anteproxecto de Plan Director da Industria de Galicia podería verse afectada polas disposicións que conteña o Decreto de desenvolvemento da Lei.

**51.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA. Cumprimento dos requisitos para ter a consideración de clúster empresariais galegos.**

Na disposición transitoria única, referida ao cumprimento dos requisitos para ter a consideración de clúster empresarial galego, exímese do cumprimento dos requisitos legalmente esixidos no artigo 16 a aquelas entidades que xa foron beneficiarias de axudas, outorgándolles o prazo de dous anos, trala entrada en vigor da lei, para acomodarse ás esixencias que nela se conteñen.

O CES considera que este prazo resulta excesivo e debería ser reducido.

**52.- DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificación da Lei 9/2004, de 10 de agosto, de Seguridade Industrial de Galicia.**

No apartado 9 desta Disposición engádense dúas letras ao **artigo 33, apartado 3º**, entre as que se inclúe o “*k*)”, que non forma parte do alfabeto galego, polo que debería substituírse polo seguinte que corresponde no noso idioma.

**53.- DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificación da Lei 9/2004, de 10 de agosto, de Seguridade Industrial de Galicia.**

A respecto da modificación prevista no **apartado 1** desta disposición, o CES considera necesario que o concepto de “*traslado*” continúe a figurar na Lei de Seguridade Industrial, polo que propón que a expresión se reformule co seguinte teor literal:

*“instalación, modificación, traslado ou posta en funcionamento de establecementos e instalacións industriais”.*

**54.- DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificación da Lei 9/2004, de 10 de agosto, de Seguridade Industrial de Galicia.**

En relación co **apartado 10** da disposición, o CES entende que se debería manter a **letra g)** do **apartado 4º** do **artigo 33** da Lei 9/2004 nos seus propios termos.

**55.- DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Desenvolvemento regulamentario.**

O CES considera que se debería substituír “*sindicatos de traballadores e ás asociacións empresarias*” por “*As organizacións sindicais e empresariais intersectoriais galegas máis representativas*”, tal e como se plasma na Lei 17/2008, de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, xa que, tal e como está redactada a disposición, podería desprenderse que serían a totalidade dos e das mesmas, o que resultaría un absurdo.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

V<sup>a</sup> e P.  
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Corina Porro Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

